

Concello de Covelo

Expte. n.º: 2/2025

BASES QUE REXERÁN O VI CONCURSO DE FOTOGRAFÍA PARA A TEMÁTICA DO CALENDARIO DO CONCELLO DE COVELO 2026 “COVELO, TURISMO, CULTURA E PATRIMONIO”

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria o fomento da participación da veciñanza en actividades de índole artística e creativa no concurso de fotografía COVELO, TURISMO, CULTURA E PATRIMONIO, coa finalidade de seleccionar as doce imaxes que se incorporarán a cada un dos meses do calendario para o ano 2026 que editará o Concello de Covelo.

2. CREDITO ORZAMENTARIO.

Para a concesión dos premios obxecto desta convocatoria destinarase o crédito global máximo de 420,00 € con cargo á partida 432.48 do estado de gastos do orzamento do exercicio 2025.

3. PARTICIPANTES.

Poderán participar todas as persoas interesadas. No caso dos menores de idade requirirase autorización outorgada polo pai, nai ou tutor legal (Anexo II).

Queda excluído do concurso calquera empregado do Concello así como os concelleiros/as da Corporación.

Non poderán obter a condición de beneficiarios dos premios as persoas en quen concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).

Quedan expresamente excluídas desta convocatoria aquelas persoas que non se atopen ao corrente nas súas sobrigas tributarias co Concello de Covelo, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Estatal da Administración Tributaria e Axencia Tributaria de Galicia.

Os beneficiarios están suxeitos ao cumprimento das obrigacións establecidas no artigo 14 da LXS.

A participación nestes concursos supón a plena aceptación das presentes Bases.

4. INSCRICIÓNS.

O prazo de presentación dos traballos no concurso quedará aberto dende o día seguinte ao da publicación do extracto da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP) e finalizará o 27 de novembro de 2025 ás 13:30 h. As fotografías deben presentarse na Biblioteca Municipal sita en Travesía de Vigo n.º 7, 36872 Covelo (Pontevedra) de luns a venres de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00.

5. TEMÁTICA E CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS.

As imaxes deberán ser paisaxes, lugares, construcións ou monumentos **claramente recoñecibles do concello de Covelo**, relacionadas co turismo, a cultura e o patrimonio local.



Concello de Covelo

Poderán presentarse en cor ou en branco e negro.

Formato: impresas en papel fotográfico horizontal, tamaño 20 x 30 cm, 300 ppp, e tamén en **formato dixital**.

Cada participante poderá presentar un máximo de 2 obras.

As fotos serán presentadas baixo un código escrito no respaldo da fotografía facilitado na biblioteca, e sen datos do autor.

Irán acompañadas dun sobre pechado, e no exterior deste figurará o mesmo código que o das fotografías e no interior do sobre depositarase a ficha de inscrición (Anexo I) e copia do DNI do concursante, en caso de que este sexa menor de idade deberá achegarse tamén o Anexo II.

6. COMPOSICIÓN DO XURADO.

As fotografías presentadas serán analizadas e avaliadas por un xurado cuxa responsabilidade será a de seleccionar aquelas propostas que sexan merecedoras dos premios. O xurado estará integrado da seguinte maneira:

Presidente: O Alcalde do Concello de Covelo, ou persoa en quen delegue.

Secretaria: A Xuíza de Paz do Concello de Covelo.

Vogais: Tres persoas designadas pola Alcaldía expertas e de recoñecido prestixio destacadas no ámbito da fotografía, cultura, arte, deseño...

Os membros do xurado non poderán ser familiares dos concursantes, nin estar comprendidos en causa de abstención e recusación dos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O xurado traballará baixo criterios de imparcialidade, transparencia e obxectividade, co propósito de garantir que a selección de fotografías sexa xusta e baseada nos méritos de cada proposta. Tras as deliberacións, levantarase a correspondente acta.

7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO XURADO.

O xurado terá en conta, de maneira prioritaria, a calidade artística e técnica e a súa sintonía co lema “COVELO, TURISMO, CULTURA E PATRIMONIO”, conforme aos requisitos de presentación establecidos no punto 5 destas bases.

Estos criterios, cuxa consideración e peso han de ser semellantes, desagreganse en diferentes aspectos unicamente a efectos da súa descrición e como orientación para a súa avaliación e fallo do xurado:

1. A calidade artística e técnica:
 - Composición e técnica fotográfica. Armonía na composición.
 - Valor creativo e innovador.
 - Impacto visual e mensaxe.
 - Creatividade e orixinalidade da composición.
2. Sintonía co lema “Covelo, turismo, cultura e patrimonio”:



Concello de Covelo

- Atractivos turísticos de Covelo e os seus recursos.
- Patrimonio e lugares de interese.
- Potenciación de Covelo como destino turístico e cultural.

8. DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO.

O xurado reunirase dentro dos sete días naturais seguintes á finalización do prazo de admisión dos traballos que elixirá, conforme aos criterios establecidos na base 7, os tres primeiros premios e a maiores as restantes nove imaxes que tamén formarán parte do calendario, debendo levantar acta no que farán constar todas as imaxes presentadas, as admitidas e, de ser o caso, as rexeitadas con indicación do motivo da súa exclusión, así como a proposta das fotografías premiadas.

O acordo da concesión dos premios corresponderalle á Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía por Decreto n.º 2023-0310 de 28 de xuño de 2023, de acordo coa proposta formulada polo xurado.

Aos efectos da práctica da notificación aos participantes, esta realizarase, unicamente, mediante publicación dos premiados no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal para xeral coñecemento dos interesados, participantes e premiados, de acordo co artigo 40 e 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ao tratarse de actos integrantes dun procedemento de concorrência competitiva.

Contra o acordo recaído ao amparo desta convocatoria poderá interpoñerse alternativamente recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o resolve, no prazo dun mes, ou no seu caso o recurso contencioso administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses. En caso de optar por interpoñer o recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso – administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise á súa desestimación por silencio. Todo elo, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que puidera estimar máis conveniente para os seus dereitos.

Co obxecto de dar a coñecer as fotografías presentadas e difundir o patrimonio de Covelo, realizarase unha exposición coas obras presentadas que cumpran as bases desta convocatoria.

A entrega dos premios levarase a cabo na primeira quincena do mes de decembro de 2025, comunicándose aos gañadores o lugar, data e hora de celebración do acto con antelación suficiente para facilitar a súa presenza.

9. PREMIOS.

Establécense 3 premios.

1º PREMIO: Curso de fotografía intensivo de 2 días e unha duración total de 8 horas. Poderá ser presencial ou online (segundo as posibilidades de desprazamento do/a premiado/a) e tratará da teoría e manexo de cámara dixital.

2º PREMIO: 2 ampliacións fotográficas de 40x30 cm sobre soporte ríxido (tipo Dibond), ou ben



Concello de Covelo

copia en papel museo para colección (sen montaxe) dunha imaxe do/a premiado/a. Non se inclúe o enmarcado.

3º PREMIO: 1 ampliación fotográfica de 40x30 cm sobre soporte ríxido (tipo Dibond), ou ben copia en papel museo para colección (sen montaxe) dunha imaxe do/a premiado/a. Non se inclúe o enmarcado.

Os premios faranse efectivos en colaboración coa Concellería de Cultura do Concello de Covelo.

Os/as participantes que presentasen imaxes e non resultasen galardoados/as con algún dos tres premios antes descritos, recibirán unha copia da súa imaxe en papel fotográfico.

Para elo, tódalas imaxes deben garantir as seguintes dimensións e resolucións mínimas de impresión no arquivo dixital:

- Tipo de arquivo: .jpeg
- Dimensións mínimas do seu lado curto: 20 cm ou 300 píxeles por pulgada (ppp).
- Resolución mínima: 240 ppp.

Se o arquivo non garantizase estas características, a impresión realizarase ó máximo tamaño e calidade que o arquivo soporte.

10. RESPONSABILIDADE E PROPIEDAD INTELECTUAL.

A organización non se fai responsable de extravíos ou danos que poidan sufrir as fotografías presentadas ó concurso.

Os participantes no concurso cederán ó Concello de Covelo a propiedade das fotografías.

Ó mesmo tempo, o Concello de Covelo adquire en exclusiva e no ámbito mundial, todos os dereitos económicos da propiedade intelectual inherentes á todas as fotografías presentadas, e poderá libremente e sen pago de mais prezo, proceder á reprodución, distribución, comunicación pública e transformación durante o prazo sinalado no artigo 26 do Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, tendo dereito a expresar as obras por calquera medio ou soporte tanxible ou intanxible, actualmente coñecido ou que se invente no futuro.

O Concello de Covelo, gárdase o dereito de quedarse e utilizar as fotografías que deste concurso se deriven para uso exclusivo de promocións turísticas ou culturais e precisamente neste caso para a edición do calendario do Concello de Covelo 2026.

11. PUBLICIDADE.

Estas bases enviáranse á Base de Datos Nacional de Subvencións, publicarase un extracto no BOP de Pontevedra e tamén se publicarán na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios.

Documento asinado dixitalmente ao marxe.

O alcalde

Juan Pablo Castillo Amigo



Concello de Covelo

ANEXO I FICHA DE INSCRICIÓN

D./D.^a _____ con DNI n.º _____
_____, enderezo _____ en
_____, teléfono do contacto _____ e
enderezo de correo electrónico _____, desexa participar no
VI Concurso de Fotografía para o Calendario Concello de Covelo 2026 “Covelo, Turismo, Cultura e
Patrimonio” cos seguintes traballos:

Título fotografía 1	Breve descrición	Localización
Título fotografía 2	Breve descrición	Localización

Declaro baixo a miña responsabilidade:

Primeiro.- Que coñezo e acepto de forma expresa as bases do VI Concurso de Fotografía para o Calendario Concello de Covelo 2026 “Covelo, Turismo, Cultura e Patrimonio”.

Segundo.- De acordo co establecido no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, non estou incurso en ningún dos supostos que impiden obter a condición de beneficiario.

En _____, a _____ de _____ de 20__.

Asinado:



Concello de Covelo

ANEXO II

AUTORIZACIÓN DE INSCRIPCIÓN EN CONCURSOS

(A cumprimentar polo pai/nai/ ou tutor ou tutora do
participante menor de 18 anos)

D/D.^a _____, nai, pai, tutor
ou tutora, con DNI n.º _____ na miña condición de pai, nai, tutor, tutora
de D/D.^a _____ con DNI n.º _____

AUTORIZO

ao meu fillo/filla/tutelado/tutelada, a inscribirse no VI Concurso de Fotografía para o Calendario
Concello de Covelo 2026 “Covelo, Turismo, Cultura e Patrimonio”, que organiza o Concello de
Covelo, asumindo as Bases que rexen a convocatoria do concurso.

En _____, a _____ de _____ de 20

O pai/nai/tutor/tutora do fillo/filla/tutelado/tutelada

Asinado:

A autorización de inscrición no concurso deberá acompañarse da seguinte documentación:

- Fotocopia de Documento Nacional de Identidade do pai/nai/tutor/tutora.
- Fotocopia Documento Nacional de Identidade do fillo/filla/tutelado/tutelada.

